

**SOBRE AS SAÍDAS AO CAMPO DO GMG NO ANO 2006:
FLORA E VEXETACIÓN
por
E.SAHUQUILLO BALBUENA***

Esta pequena reseña botánica foi realizada co obxectivo de dar a coñecer a flora vascular que observamos durante as excursións do GMG no ano 2006. A súa finalidade non é realizar unha revisión exhaustiva, senón resaltar as particularidades dalgunhas das zonas visitadas.


A primeira excursión do ano 2006 realizouse no mes de febreiro ao parque natural da Serra da Enciña da Lastra situado en Rubiá (Ourense). Este parque presenta unha interesante vexetación debido ao seu substrato xeolóxico (presenza de rochas calcáreas) o seu clima mediterráneo e a súa situación bioxeográfica na Rexión mediterránea. Durante o percorrido efectuado puidemos observar unha aciñeira centenaria (*Quercus rotundifolia*) á entrada do pobo de Covas (incluída no catálogo de árbores senlleiros da Xunta de Galicia, DOGA 74, 17 abril 2007), así como as formacións dominadas por esta especie (*Genisto hystricis-Quercetum rotundifoliae*) con *Phillyrea angustifolia*, escornacabra (*Pistacia terebinthus*), a xesta mansa (*Osyris alba*), planta hemiparásita, e a herba dos dedos (*Rubia peregrina*). Estes bosques alternábanse con soutos de castiñeiros (*Castanea sativa*), estripais (*Crataegus monogyna*, *Rubus ulmifolius* e *Rosa* spp.) e matogueiras de xaras constituídas principalmente pola esteva (*Cistus ladani-fer*), acompañada de cantroxo (*Lavandula stoechas* subsp. *sampaiana*). Nos afloramentos rochosos, onde existe unha flora moi especializada, observamos o fento *Asplenium ceterach* e o endemismo *Petrocoptis grandiflora* incluído no catálogo galego de especies ameazadas como taxon “en perigo de extinción” (DOGA 89, 9 maio 2007). Para rematar, sinalar tamén a visita a Oulego, onde a pesar do mal tempo puidemos gozar da cordialidade das súas xentes (Irene de Oulego) e da súa paisaxe, expresión dos usos tradicionais, onde os soutos de castiñeiros, os viñedos, os prados e as choupeiras vinculadas ao río altér-

*Dpto. Biol. Animal, Biol. Vexetal e Ecoloxía. Fac. Ciencias. Universidade da Coruña. Campus A Zapateira s/n. E-15071-A Coruña. e-mail: elvira@udc.es

nanse coa vexetación natural ligada aos enclaves máis escarpados (Penedos de Oulego), onde a herba do gando (*Helleborus foetidus*) comezaba a súa floración.

No mes de marzo visitamos o municipio de Mondariz (Pontevedra) e o bosque galería que orla o río Tea. O carreiro discorre á beira do río e a vexetación asociada está dominada por ameneiros (*Alnus glutinosa*), abeleiras (*Corylus avellana*) e salgueiros (*Salix atrocinerea*). Durante o percorrido observamos en flor exemplares de *Primula vulgaris*, *Ranunculus ficaria*, *Viola palustris* e os narcisos, *Narcissus cyclamineus* (endemismo do NW Peninsular e “especie vulnerable” segundo o Catálogo de especies ameazadas de Galicia) e *Narcissus triandrus*, ambas as especies protexidas segundo a Directiva de Hábitats. A pesar de que nesta zona a vexetación debería estar dominada por bosques de carballo acompañado da xilbarbeira (carballeira termófila galaico-portuguesa de *Rusco aculeati-Quercetum roboris*), o uso tradicional da contorna provocou a súa substitución por cultivos forestais (*Pinus pinaster*, *Pinus radiata* e *Eucalyptus globulus*) e a súa transformación agrícola propiciando a entrada de especies exóticas como as mimosas (*Acacia dealbata*), que xa se atopaban en flor. Os elementos propios do bosque autóctono son aínda observables existindo pequenas masas de carballos acompañados de acivro (*Ilex aquifolium*), castiñeiro, loureiro (*Laurus nobilis*) e herbáceas como *Luzula sylvatica* subsp. *henriquesii* e *Saxifraga spathularis*, ambas as dúas endemismos do NW peninsular. Nesta excursión visitáronse ademais o Balneario de Mondariz, o Castro da Troña e o Castelo de Vilasobroso, onde era destacable a presenza dun exemplar de gran tamaño da árbore do alcanfor [*Cinnamomum camphora* (L.) Siebold].

No mes de Abril visitamos os soutos de castiñeiros do Incio (Lugo), zona de gran interese pola súa situación bioxeográfica entre as Rexións Mediterránea e Eurosiberiana e cunha vexetación caracterizada polos bosques de rebolo (*Holco mollis-Quercetum pyrenaicae*). Tras unha breve visita á Igrexa de Hospital, de “calcarias marmóreas” azuis, onde destacaba a presenza dun castiñeiro centenario (523 anos), continuamos ata o Balneario na Ferrería atravesando o bosque com-



Ribeira do río Tea- Mondariz. Pontevedra.

posto por rebolos, carballos, castiñeiros, pradairos, freixos, bidueiros etc. A continuación durante unha pequena camiñada na Ferrería seguindo o río Cabe puidemos observar a matogueira montano acidófilo característica resultado da degradación do bosque. Esta matogueira estaba dominado por *Genista florida* subsp. *polygaliphylla*, *Erica australis* subsp. *aragonensis* (uz vermella), *Cytisus multiflorus* (xesta branca), *Halimium lasianthum* subsp. *alyssoides* e *Pterospartum tridentatum* (carqueixa). Cerca do curso do río observamos unha crucífera propia do interior galaico, *Alliaria petiolata* (herba do allo) que ten utilidades medicinais como diurética ou estimulante. Posteriormente, na ruta de sendeirismo que atravesa o souto de castiñeiros de Santa Mª do Mao, os pradairos (*Acer pseudoplatanus*) empezaban a brotar e estaban en flor *Saxifraga granulata* e *Romulea bulbocodium*. Para finalizar o día visitamos o Mosteiro de Samos onde hai que sinalar a existencia dun Ciprés milenario (*Cupressus sempervirens* var. *fastigiata*), incluído no catálogo de árbores senlleiros da Xunta de Galicia (DOGA 74, 17 abril, 2007).


No mes de maio realizouse unha excursión a Chandrexa de Queixa en Ourense. Nesta comarca son destacables os bosques de rebolos (*Quercus pyrenaica*) e os bidueirais (*Betula alba*), que se atopan no límite da súa distribución xa que nos atopamos novamente na confluencia das Rexións eurosiberiana e Mediterránea. A ruta que realizamos partiu da Ponte de Santa Cruz, tras rodear o encoro de Chandrexa, onde tomamos un carreiro que continua polo val do río Queixa, entre as Serras de San Mamede e Queixa, ata chegar á Ferrería. A explotación tradicional dos bosques, o uso gandeiro e os sucesivos incendios provocaron unha forte degradación das comunidades forestais polo que a senda que seguimos discorre entre a matogueira propia de zonas acedadas e montañas galaicas, que está dominado por carqueixa e pola uz vermella, acompañadas da xesta branca, indicador de mediterraneidade. No estrato herbáceo, atopamos en flor *Viola lactea*, especie de zonas secas e matogueiras. As formacións arbóreas limítanse ás vaguadas do cordal montañoso con pequenos bosques de bidueiro



ou á canle do río onde os bidueiros, salgueiros e o capudre (*Sorbus aucuparia*, en flor), eran as especies dominantes. Ao chegar á Ferrería atopamos un sorprendente exemplar de teixo (*Taxus baccata*).

Paisaxe en Chandrexa de Queixa. Ourense.

No mes de xullo realizamos unha saída ao Parque Natural das Fragas do Eume (Pontedeume, A Coruña), a mellor representación das fragas atlánticas en zonas costeiras da Galicia Eurosiberiana. Trátase dun bosque mixto ben conservado composto por carballos, castiñeiros, pradairos, sanguíños (*Frangula alnus*), acivro, loureiro, érbedos, olmos, pereiras, abruñeiros, etc.; mentres que nas zonas próximas ao río dominan os ameneiros, freixos (*Fraxinus excelsior*), salgueiros e abeleiros. Ademais, o sotobosque era rico en gramíneas como *Agrostis curtisii*, *Anthoxanthum odoratum* ou *Brachipodium sylvaticum* e outras herbáceas como *Melittis melissophyllum*, *Stachys officinalis*, *Melampyrum pratense*, *Wahlenbergia hederacea* ou *Circaea lutetiana* unidas ao tapíz de *Luzula sylvatica* subesp. *henriquessi*. Así mesmo, esta contorna destaca, como puidemos comprobar, pola súa diversidade en fentos: *Athyrium filix-femina*, *Dryopteris affinis*, *D. aemula* (especie vulnerable), *Polystichum setiferum*, *Blechnum spicant*, etc., pero sobre todo, polas poboacións de pteridófitos relictos do Terciario como: *Culcita macrocarpa* (especie en perigo de extinción), *Woodwardia radicans* (especie vulnerable), *Hymenophyllum tunbrigense* (especie vulnerable) ou *Davallia canariensis*, entre outros.



Fragas do Eume. A Coruña.

Para concluír o ano visitamos, no mes de novembro, outro enclave de interese biogeográfico pola presenza de flora mediterránea relictas na Rexión Eurosiberiana, trátase do Sobreiral de Carmoega no Río Arnego (A Golada, Pontevedra). Este bosque de sobreiras (*Quercus suber*) atópase asociado á canle do río Arnego, onde o microclima cálido e húmido permite a supervivencia desta especie. Lamentablemente, a explotación irracional da cortiza provocou a proliferación de enfermidades fúxicas, polo que é fácil observar exemplares mortos ou enfermos. Nesta zona as carballeiras presentan un marcado carácter termófilo como o demostran as especies acompañantes entre as que destacan ademais da sobreira, o cabrifolio (*Lonicera peryclimenum*), o érbedo (*Arbutus unedo*), a herba dos dedos, *Erica scoparia*, etc. Para rematar, é destacable tamén o bosque de ribeira con freixos, ameneiros e salgueiros, entre antigos muíños de pedra.